TERRA DE OUTES

Revista da A.C.C. Terra de Outes

Nº2 - Abril 2008 1€

Neste número:

- A morte de Chema Fuentes
- Entrevista con Ana Lagares
- Hórreos de San Lourenzo (I)
- Cartas Forais de Vara (I)

e as nosas seccións habituais...

Tódolos pobos ao longo da súa historia procuraron singularizarse, seren únicos e seren eles mesmos, de tal xeito que os demais os puidesen recoñecer polas súas características propias.

Froito desta arela diferenciadora cada pobo foi creando a súa lingua, a creación colectiva máis importante, para que esa lingua constitúse o seu principal sinal de identidade. Pero, ademais de sinal de identidade, a lingua constitúe asemade o mellor medio de interpretación e expresión da súa realidade, da súa cultura, das súas tradicións, dos seus costumes...

Cal é o principal sinal de identidade do pobo galego? Sen súbida ningunha, a súa propia lingua. Os galegos na actualidade posuímos un idioma propio pola teimosía dos nosos devanceiros en mantelo con vida ao longo da historia, malia as enormes dificultades sociais, políticas e económicas que sufriron.

No mundo fálanse actualmente ao pé de 6.000 linguas diferentes, mais no mundo tan só hai 193 estados e son moi poucos os monolingües, ademais de teren unha superficie reducida e/ou escasa poboación. Pódese afirmar, xa que logo, que o plurilingüismo é a norma e o monolingüismo constitúe a excepción.

Na nación galega, debido a circunstancias históricas, conviven o galego e o castelán, pero as dúas linguas non gozan do mesmo prestixio, nin son usadas por igual. Resulta aberrante afirmar que Galiza é un país bilingüe e aínda un maior desatino falar de bilingüismo harmónico. En Galiza hai, iso si, persoas monolingües, bilingües e plurilingües.

En Galiza, aínda hoxe, o castelán está considerado como unha lingua de maior prestixio e o galego como unha lingua de menor rango; en consecuencia, cando as linguas non están en condicións de igualdade do que hai que falar é de diglosia e de ningún xeito de bilingüismo.

A décima edición do Día Internacional da Lingua Materna patrocinado pola UNESCO coincidiu este ano con outra efeméride: o Ano Internacional das Linguas, cuxa celebración ten como obxectivo que a diversidade lingüística e o multilingüismo sexan recoñecidos nos sistemas educativos, administrativos e xurídicos, nas expresións culturais, nos medios de comunicación no ciberespazo, nas relacións comerciais e nos restantes ámbitos sociais.

O uso das linguas minoritarias e minorizadas do Estado foi utilizado na pasada campaña electoral polos políticos vacuos, instalados na mediocridade, da dereita española de xeito demagóxico. Non faltaba máis? Aqueles que se proclaman con ánimo de enganar os máis galeguistas saen en defensa do "perseguido" castelán. Xa o di o himno galego. "Os ignorantes e féridos non nos entenden, non". Estes políticos da dereita máis rancia de toda Europa descoñecen ou queren ignorar que existe un Mapa Sociolingüístico Galego que, na máis recente edición, evidencia que tan só un 20,6% dos galegos que teñen entre 15 e 54 anos aprenderon a falar en galego, e outro 15,1%, de maneira preferente; para o resto foi o castelán a primeira lingua.

A valoración sobre o uso do galego que fai a Axencia Europea das Linguas Menos Estendidas difire tamén da dos políticos da dereita. Se ben recoñece que houbo avances no seu uso e unha maior preocupación por facer cumpri-la lexislación por parte do actual goberno galego ve, sen embargo, con preocupación que se difunda unha opinión de normalidade e de extraordinaria presenza do galego en ámbitos coma a educación cando acontece o contrario. Xusto o que falsamente pregoan os falaces profetas da dereita.

O maior crime que se pode cometer contra a nación galega é tratar de asimilala, despoxándoa da súa propia lingua e cultura. Cos mesmo dereitos cós demais (integración) tódolos galegos han permanecer conscientes da súa identidade nacional nunha España multicultural. Os galegos deben aprender castelán, pero en ningún caso renunciar á lingua e cultura que lles son propias. E os casteláns deben aprender galego sen renunciar ao seu idioma.

Como moi ben explica Dolores Vilavedra (El País, 07-03-08): "Sen dúbida temos tras de nós unha historia que explica o noso presente. E esa historia foi moito máis rica, complexa e diversa do que adoito pensamos, e que esa heteroxeneidade, aínda por revelar en plenitude e con xustiza, é a nosa mellor baza á hora de construírnos un galeguismo axeitado para o século XXI". Non fagamos caso aos colonizadores de novo cuño e construamos o futuro?

Director:
Xosé M. Vázquez
Consello de Redación:
Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco
Foto da Portada:
Dolores Martínez. Profesora do IES "F. Añón"
Maqueta e imprime:
Grafinoia, S.L.

Exposición de Alberto Rodríguez

Como recordarán os nosos lectores, o pasado 12 de xaneiro, a A.C.C. Terra de Outes inaugurou unha exposición pictórica e escultórica do artista noiés Alberto Rodríguez Louro, facéndose cunha ampla repercusión positiva en crítica no ámbito comarcal. Este artista, que se manifesta por propia voz autodidacta, é un adiantado aprendiz de Da Vinci. Deféndese tan ben coa pedra como torneando cos pinceis. Dor por aquí, esperanza por alá... sen deixar de lado os acordes que o devolven ao día a día, a loita interminable por expresar todo o que leva dentro, as ansias de compartir, ese mero afán do artista por comunicar! Estivo ben.

Unha aperta
Xastre

PRÓXIMOS ACTOS: Xornadas do Poeta Añón

Con motivo do 130 aniversario da morte de Añón, a nosa Asociación vai organizar, en colaboración co concello de Outes, unhas xornadas adicadas ao poeta que se celebrarán do 14 ao 20 de abril na Casa da Cultura de A Serra.

17 de maio

Durante a Semana das Letras Galegas estará expostqa na Casa da Cultura unha exposción adicada a Xosé Agrelo Hermo.



Debate electoral

A Asociación Terra de Outes, polo seu carácter cívico, ademais de cultural, organizou, con motivo das pasadas eleccións xerais, un cara a cara entre os cabezas de lista das candidaturas para o congreso do BNG e PP e mais o número 3 do PSOE pola provincia de A Coruña.

O acto celebrouse o pasado 23 de febreiro na Casa da Cultura de A Serra diante de numeroso público que se achegou tamén desde os veciños concellos de Noia e Muros ata case encher o salón de actos, dado o gran interese que suscitou este debate, por ser o primeiro de tal clase en toda Galicia.

Nas dúas horas que durou, moderados polo presidente da nosa Asociación, Xoán X. Mariño, os candidatos Francisco Jorquera, Antonio Erias e Ceferino Díaz, expuxeron primeiramente os puntos máis destacados das súas respectivas ofertas electorais, para, nunha segunda rolda, intentar cada un deles descubrir os elementos máis endebles dos programas dos seus rivais, que a continuación, xa en quendas máis breves, para buscar a necesaria axilidade do debate, defenderon diante das críticas recibidas ou aproveitaron para aclarar algunhas das súas propostas para, finalmente, concluír as súas intervencións cun resumo do máis importante dos seus idearios.

Tras unha hora de debate, os organizadores, coa pretensión de que a democracia de que disfrutamos sexa non só representativa, senón tamén participativa, quixo dar voz ós cidadáns para que puideran interrogar ós candidatos, que se aviñeron gustosos a responder durante outra hora máis, salvo o representante nacionalista, que por ter que intervir a continuación noutro acto electoral en Carballo, cedeu o seu lugar a Elvira Cienfuegos, número 2 das listas do BNG pola Coruña, que o subtituíu na mesa dos oradores para responder ás preguntas que o público desexaba dirixirlle á súa formación.

Agradeceu o presentador do acto ós candidatos a súa presenza en Outes e o tono sosegado que todos eles exhibiron ó longo do debate, así como a participación e os aplausos respectuosos do público.

Cartas Forais dos Lugares e Couto de Vara en San Cosme de Outeiro (I).

Mingucho Campos

O foro era un contrato de cesión de bens, normalmente de natureza agraria, polo que o titular da riqueza –o forista– lle cedía a outro –o foreiro– uns bens determinados a cambio do pagamento dun canon ou renda. A duración destes contratos facíase por vida de tres voces –vidas de tres foreiros– ou de tres reis e vinte e nove anos máis.

O territorio galego ten sido o espazo peninsular no que de xeito máis nidio arraigara esta práctica. Os foros nacen nos tempos medievais. Aínda que os mosteiros galegos comezan a cede-las súas terras en foro a finais do século XII, é dende finais do século XV cando inzan os contratos nos que os mosteiros e as mitras lles conceden cartas forais extensas a escribáns, escudeiros e persoas poderosas.

Dende os séculos centrais da Idade Media até os comezos do século XIX un dos factores que singularizan a historia de Galiza, a criterio do catedrático da Universidade de Santiago de Compostela Pegerto Saavedra Fernández, está constituído polo enorme poder dos estamentos privilexiados, e en particular da igrexa, tanto secular coma regular, con ricos e influíntes mosteiros das ordes de san Bieito e do Císter.

O mosteiro de santa María de san Xusto de Toxosoutos, fundado polos cabaleiros Froila Alonso e Pedro Muñiz de Carnota, consagrado polo bispo de Santiago Diego de Muros, era un dos catorce mosteiros da orde do Císter máis importantes de Galiza. No século XV este mosteiro, xunto coas súas posesións, fora anexionado ao de Sobrado, mais os freires seguirán alí atendendo a freguesía ata a desamortización do ano 1835.


Partido de Noia
Gaveta Nº 3
Maxo Ligajo Documento
Nº Cosme de Outeiro Coto y lugares de Vara
Renta
Año de 1565
48 ferrados centeno
24 Sorro de trigo
Nominacion de foro

Do enorme poder do estamento eclesial abonda como mostra o seguinte cadro coa identidade e o volume de ingresos estimados dos maiores facendados de Galiza, no ano 1752 (en reais de vellón), que tiñan claramente superado a metade da totalidade das rendas forais:

Bispos/Cabidos/Colexiatas	1.432.852
Curas	4.240.065
Mosteiros	2.431.164
TOTAL ECLESIÁSTICOS	**8.104.081**
Resto de facendados	6.869.881

O 8 de maio do ano 1565 congregábanse en capítulo segundo era uso e costume –"son de campá tanguida"– no mosteiro de san Xusto de Toxosoutos os monxes deste mosteiro e do de santa María de Sobrado: frei Benito de Tamariz –prior do de Toxosoutos–, frei Vareliano de Valiño, frei Barbané Machado, frei Bernardo García, frei Diego Cornejo e frei Dionisio Ramírez. O asunto a tratar na devandita congregación era a petición de admisión de don García de Caamaño, señor de Vilagarcía e Rubiáns, como "segunda voz do foro dos lugares e Couto de Vara en San Cosme de Outeiro".

Outrora, os monxes dos dous mosteiros outorgaran e ratificaran perante o escribán de número de Sobrado, Juan Darévalo, un contrato de foro do "Couto de Vara e cousas a el pertencentes, coas súas casas, casais e herdades de por vida e da de dúas voces máis ao señor García Rodríguez de Caamaño por un canon e pensión cada ano de catro cargas de centeo e dúas de trigo limpo, seco e bo medidas pola medida oficial da vila de Noia a pagar na devandita vila cada mes de setembro respectando tódalas condicións contidas no contrato". O equivalente das cargas eran 48 ferrados de centeo e 24 de trigo.

Ao terse producido o falecemento do seu pai é polo que don García invoca perante o devandito capítulo os dereitos testados polo seu proxenitor, que son lidos para constancia dos asistentes polo escribán de número de Noia, Francisco Fernández.

Despois da lectura da documentación aportada e a súa pertinente comprobación os freires recoñecen como segundo foreiro dos lugares e Couto de Vara ao señor García de Camaño e a calquera outra voz que don García Rodríguez de Caamaño tivera nomeada, dando deste xeito cumprimento ao contido do contrato, co expreso compromiso do foreiro de paga-lo canon e pensión estipulados.

Acadado o acordo procédese a asina-lo pertinente documento polas partes actuando como testemuñas o bacharel Martín de Leis e Juan Dotón, ámbolos dous veciños de Noia, o escribán Francisco Becerra e o bacharel Bendaña, clérigo de Santiago, entre outros. A escritura queda incorporada ao rexistro do escribán Francisco Fernández, dándolles traslado da mesma ás partes a petición destas e por mandado do doutor Peñaranda, alcalde maior das terras e vila de Noia, percibindo o escribán polos servizos prestados un real.

BIBLIOGRAFÍA:
Gran enciclopedia galega. *Tomo 19. Silverio Cañada.*
Galicia pueblo a pueblo. A. *Precedo Ledo e outros. La Voz de Galicia, 1.993.*
A gran historia de Galicia. A Galicia do Antigo Réxime. *Tomo 13. Pegerto* ***Saavedra.***

braun de dõ garcia camaño del coto de bora

Señal M. 575 130

En memorado a veyntiocho dias del mes de mayo. el año de mil e quinientos y setenta y cinco años estando juntos y congregados en su capitulo segun lo avian de uso y costumbre por sonido de campana tanida. para los semejantes autos los muy reuerendos padres fr. alonso de tamarit prior del dom.co fr. alonso de ceriano. Doballino fr. bernardo machado fr. bernardo de garcia fr. diego cerinese radio musio ramirez monjes. del dicho monesterio de santo Julio y de la cam.a de sobrado por su prelado el muy magnifico Don garcia de camaño. e de vi garan y rubianes. e dixo q. por el s.or fernando de camaño su padre. di fe que ay a ella tenia en sus dichos meses terminos el condado y casa de ceyrosi acres en su casa y casales. heredades y pasabiedos mas y a lande dos bozes y parcelas de pensiones en un año quatro cargas de centeno y dos cargas de trigo limpio y seco y buen de dar y tomar medido por la medida de la dicha Donga. puestas y pagas en la posadamos de sec y en otras maneras y condiciones contenidas en el contrato y fuero y ref.on que sobre ello se ha pasado y se otorgar ante el dicho fran.co de ceriano notario q. fue del mon.o de sobrado a la mesma fecha. y lo que de los mos prados y heredamos q. el dicho s.or garcia tiene en la feligresia de santo estevanito de los garcias su padre. fera la escritura por el dicho fuero de vi garan

Na memoria de José María "CHEMA" Fuentes

Xoán Fco. García Suárez

Imaxina que non hai cidades,
non é difícil de facer,
non hai nada polo que matar ou morrer
e non outra relixión.
Imaxina que toda a xente
vive a súa vida en paz.

(John Lennon, de " Imagine".)

Lembro moi pouco del. Nacemos os dous "porta con porta", como é costume dicir, aínda que el o fixo uns doce anos antes ca min. Realmente a única vivencia que recordo (debía ter eu uns cinco ou seis anos) é aquela na que me levou a ver as pombas que a familia tiña no pombal da horta. Aquela horta na que tamén temos xogado cos seus irmáns Laura e Fernando, ao cal lle teño que agradecer a sua colaboración para este artigo.

Pero esa imaxe de José Maria, vestido de camiseta e co cabelo longo, repíteseme en moitas ocasións, como se fose unha secuencia cinematográfica.

Ogallá tratase aquí unha película, pero tristemente foi unha durísima realidade. Uns feitos que ocorreron no ano 1972 e que xamais deberon ocorrer.

O final da década dos sesenta e os comezos dos setenta, conforman un período (a chamada "transición") cun clima social marcado polas constantes accións de loita pola democracia e pola liberdade, accións que, como era habitual, eran duramente reprimidos polo aparato policial e represor de Franco, con malleiras, detencións, etc., ou con medidas como a pena de morte e o estado de excepción, como o decretado no País Vasco en varias ocasións.

Nesta época, as organizacións sindicais e partidos políticos que operaban contra a ditadura desde a clandestinidade, auguran que o fin do franquismo está próximo e, animados por esa posibilidade, acrecéntanse e intensifícanse os movementos de protesta.

En Galiza, xa en marzo de 1968 (antes do famoso maio francés), os estudantes protagonizan en Santiago actos de reivindicación que son contestados con malleiras, multas e detencións a unha chea de estudantes e profesores. Incluso a sociedade galega xa mostrara antes accións de loita contra o abuso de poder e o caciquismo con duros enfrontamentos, como os que se deron en Castrelo de Miño ou en Mazaricos (aquí co resultado dun labrego morto por disparos da Garda Civil de Outes), por nomear só dous casos.

Chegado o ano 1972 os movementos obreiros protagonizarán importantes actos de protesta que culminarán coas folgas de Ferrol e

UN JOVEN, MUERTO EN SANTIAGO POR DISPARO DE UN POLICIA

Echó a correr, con otro, cuando se les dio orden de detenerse

LOS AGENTES HABRIAN SIDO ALERTADOS SOBRE UN POSIBLE ROBO

(En página 13)

O suceso ocupou parte da portada en *La Voz de Galicia*, 05-12-1972

Vigo, en demanda de mellores condicións laborais. A resposta do réxime non foi outra que empregar os métodos que só sabía empregar: policía e pólvora. O resultado foi a morte por disparos de Daniel Niebla e Amador Rey, traballadores da Bazán, múltiples despidos, detencións e multas millonarias.

Foi, polo tanto, unha época de esperanza e á súa vez unha época gris, moi gris, marcada pola represión e a violencia do réxime, cunha policía que tiña manga ancha co fin de "manter a orde" (a Policía Armada, coñecida como "os grises", que patrullaban constantemente nos furgóns ou "neveras", e apoiados pola Guardia Civil e a Brigada Político Social). Sen embargo, estas accións da ditadura non fixeron outra cousa que facer medrar as ansias de liberdade. O réxime de

Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Franco tocaba a súa fin.
Nestes anos, e nun clima realmente convulso, José María Fuentes "Chema", fillo do coñecido doutor Don Fernando Fuentes, estudaba Medicina na Universidade de Santiago.
O día 4 de decembro de 1972, o ditador Franco cumpria 80 anos e o xornal *Arriba,* voceiro do réxime, daba conta desta data destacando *"Fecha imborrable en los anales del mundo"*. Ese mesmo día, José María Fuentes deixaba a vida nunha rúa de Compostela, asasinado vilmente por un inspector de policía. Efectivamente, sen dúbida, unha data imborrable para todos nós.
Sobre as circunstancias do asasinato do noso veciño, parece ser que non houbo motivacións políticas directas, pois nunca se soubo de ningún tipo de relación de Chema con ningún movemento político.
Segundo se recolle nos medios de comunicación o día 5 de decembro de 1972, o Goberno Civil en nota oficial destaca sobre o suceso que *"…Funcionarios del Cuerpo General de Policía alertados de un posible robo en la calle General Mola fueron avisados por el sereno de la zona de haber oído ruidos sospechosos en un establecimiento de la calle General Pardiñas. Al acudir los inspectores dos jóvenes salieron corriendo sin que pueda precisarse de donde y fueron perseguidos por uno de aquellos funcionarios que les dio el alto; y al hacerle aquellos caso omiso, trató de conminarles disparando al aire como advertencia, y debido tal vez a la agitación de la carrera, uno de los disparos efectuados alcanzó lamentablemente a uno de los jóvenes, que falleció poco después en una clínica. Resultó ser D. José María Fuentes Fernández, estudiante de medicina, de veinte años de edad y domiciliado en Outes."*
Non deixa de ser curioso como se sinala que *"…debido tal vez a la agitación de la carrera, uno de los disparos alcanzó lamentablemente a uno de los jóvenes…".*
Evidentemente tratábase de ir creando na opinión pública un suceso fortuíto, pois realmente non resulta nada crible esa versión.
A versión real dos feitos é ben diferente: O inspector e o sereno, diante da tenda "Muebles El Cantón Grande", escoitaron a un grupo de mozos que ían pola rúa, cantando e sen causar escándalo, á vez que chamaban ao timbre dunha residencia universitaria, no segundo piso. Entón é cando Chema se separa do resto do grupo e se dirixe pola Rúa Montero Ríos en dirección a Doutor Teijeiro, seguido por outro compañeiro, Camilo Cortizo. O inspector botou a correr detrás deles. Xa na rúa do Doutor Teijeiro, un coche patrulla parou aos mozos e, mentres estaban a identificalos, o inspector Bouzo, a tan só cinco metros, efectuou dous disparos que acabaron coa vida de Chema Fuentes. Foi trasladado á clínica Álvarez, xa morto.
Recordo o día seguinte, o día 5, con oito anos: xunto cos meus compañeiros, os irmáns Juan José e Tomás Caamaño, dirixiámonos pouco antes das tres da tarde á escola de dona Rosa. Ao pasar por diante da casa da familia Fuentes, fomos conscientes de que algo malo pasara ao ver un numeroso grupo de xente. Alguén nos dixo que camiñásemos en dirección á escola. Alí foi onde soubemos do suceso: mataron a José María!
Xa o día 6, o día do enterro, e ao que asistiu o Gobernador Civil, e a pesar dos intentos da censura por ocultar os feitos, dáse conta nos medios de comunicación da multitudinaria concentración de persoas en Outes.
Máis de dúas mil persoas chegadas de Santiago, segdo *La Voz de Galicia*, a maioría estudantes, que levaron ao lombo o féretro do seu compañeiro ata o cemiterio de San Pedro. Ademais tamén se comentan, de xeito moi discreto, os paros en todas as facultades, obedecendo á convocatoria de folga xeral na Universidade convocada polos estudantes.
Quizais influído pola presión social e a da propia familia Fuentes, o Goberno Civil fala de "contradicións" nos informes, e ponse a disposición xudicial ao inspector José Maria Quiroga Bouzo, ao parecer, sobriño do cardeal Quiroga Palacios. Bouzo, que estaba adscrito ao servizo do Documento Nacional de Identidade de Santiago, estaba realizando unha susbstitución na comisaría da cidade, e obedecía ao prototipo de policía novo (23 anos), adestrado na academia polo réxime para reprimir. Un imbécil, en definitiva, armado e con licencia para matar, que con esa idade xa tiña gañada a sona de chulo e *pistolero* desde un día no que esixira a documentación a todos os pasaxeiros dun vóo de Iberia no aeroporto de Santiago.
O 7 de xullo de 1973 a Audiencia Provincial condena ao inspector a 17 anos, 4 meses e 1 día de cadea, ademais da idemnización á familia, pero ao noso xove veciño xa el o condenara definitivamente.
Nas mesmas páxinas recóllense noticias relacionadas co suceso, nas que se observan as numerosas adhesións de pésame e, con menor tratamento, os paros e manifestacións na Universidade de Santiago e folgas na maioría das comunidades universitarias do Estado. A noticia provocou intensas reaccións de condena en moitos lugares de Europa. Sen embargo, aquí, a represión continuou, e nesas datas producíronse multitude de detencións de estudantes por todo o Estado Español.
As reaccións políticas desde a clandestinidade non se fixeron esperar, e lánzanse octavillas de solidariedade coa familia e condena do crime. Non era posible tanta vileza.
Aínda que, ao parecer, non foi este un crime político, é a nosa obriga termos presente ao noso veciño José María Fuentes Fernández. Vénse de conmemorar o ano 2006 como o "Ano da Memoria Histórica", con actos mediante os cales se dignifican as persoas asasinadas ou represaliadas polo réxime franquista. Trátase de vítimas que perderon a vida ou sufriron a represión polo feito de defender unha República lexitimamente elixida polos cidadáns e combateron a ditadura.
Se estas persoas foron vítimas inocentes, máis inocente foi José María Fuentes, pois morreu porque simplemente o mataron. Quizais por ser mozo, quizais porque naqueles tempos era perigoso ir máis de dous xuntos pola rúa, –non polos delincuentes, senón pola propia policía–, quizais porque as forzas armadas descargaban o seu descontento co réxime a forza de balas nas carnes do pobo. Polo que fora. Chema é un mártir máis. Un cabrón quixo que fora mártir.
Rematamos precisamente tamén en decembro, pero o día 8 de 1980, no que outro criminal chalado, Mark Chapman, disparou catro tiros no peito de John Lennon, con cuxas palabras comezabamos este artigo. Algo semellante houbo entre eles.

José Maria Fuentes tiña vinte anos.

Podemos salvar a Ría? (I)

Xesús do Río da Torre

Valoremos o que temos: unha máxima que debéramos comezar a practicar con urxencia se queremos tratar de salvar a deteriorada saúde da ría de Muros e Noia. Son diversos os factores que dende hai tempo están causando un grave dano a este medio mariño privilexiado, tesouro ecolóxico e económico. Cómpre que se inicie axiña un plan estratéxico de preservación da ría. Xa hai moitos anos que se presentaron diversas manifestacións que fixeron saltar a alarma do que semella ser un camiño de destrución sen retorno, como a mingua e incluso a desaparición de especies, noutrora abundantes, ou a contaminación das augas e dos fondos sen que até o de agora os diferentes axentes implicados: poderes políticos, axentes económicos que operan na periferia da ría como construtores ou cultivadores mariños, sector pesqueiro e marisqueiro e a sociedade no seu conxunto fosen quen de deter a actividade destrutiva sobre a ría, senón que esta se incrementou, a pesar de que absolutamente todos, directa ou indirectamente, estamos interesados na súa preservación. Nesta serie de artigos tratarei de describir cales son para min os principais problemas e perigos que afectan á nosa ría para posteriormente propór as posibles solucións que deberan estar enmarcadas nun plan estratéxico de salvación deste prezado pero delicado ecosistema, para desenvolvelos con máis extensión en futuros artigos :

A falta de depuración das augas residuais: A práctica totalidade das augas residuais xeradas pola actividade da poboación que viven a carón da ría é vertida directamente á mesma, sen que exista un axeitado sistema de depuración previa. A depuradora existente en Outes non funciona e no resto dos concellos da ría só existen polo de agora proxectos.

Obras públicas destrutivas: Existen diversas actuacións públicas que están causando un grave dano na ría. Unhas veces baixo a idea dun malentendido e falso "progreso" e outras, anque sendo obras públicas financiadas por todos, son directamente promovidas polo afán especulador privado. Como exemplos disto temos os paseos marítimos e fluviais, os recheos sobre os ricos fondos da ría ou o proxecto inxustificable do viaduto de Ribademar que provocará serios danos no esteiro do Tambre e por extensión en toda a ría.

O "urbanismo depredador": as construcións a pé de ría foron unha constante na segunda metade do século XX e só agora se empezan a frear, pero con medidas claramente insuficientes cun límite de 200 metros en zonas non urbanas e a práctica inexistencia de limitacións nas zonas urbanas. Os anuncios feitos polo goberno bipartito son máis fume que realidade. A experiencia do grave dano provocado pola construción en rías como as de Pontevedra ou Vigo debera de valernos como aviso.

A ría. Foto: Noelia Abelleira. Alumna do IES Poeta Añón.

Un "Plan acuícola" insustentable: existen proxectos acuícolas que están situados dentro da ría dos que se descoñece cál será o seu impacto real: como o criadeiro previsto para o Freixo ou o de orellas de mar en Tal, ¿será a ubicación destas construcións a máis acaída? Tamén se debe mencionar, anque xa no exterior da ría, proxectos como a ampliación da granxa mariña de Quilmas. O gran problema que ten o proxecto de "Plan acuícola" é que só busca a ubicación destas plantas en lugares onde a presión social que as rexeita é menor e polo tanto onde tamén se minimiza o custo político. Lonxe de criterios de desenvolvemento sostible o único criterio reitor semella ser un só: os votos; política é política... pero así non, grazas.

O deterioro dos ríos: a contaminación e destrución dos ríos que desembocan na ría están a provocar por extensión a destrución da mesma. Por un lado limítase a construción de encoros eléctricos, que estaban rematando directamente cos ríos, pero por outra parte a contaminación das augas por todo tipo de verquidos, a proliferación dos mal chamados paseos fluviais, o mal coidado das brañas e zonas inundables en xeral, cando non a construción directa sobre as mesmas, provocan un deterioro irreversible dos ríos perceptible a simple vista.

A **sobreexplotación marisqueira e pesqueira da ría**; cómpre aquí que metamos o dedo na chaga: o abuso das cotas de determinadas capturas, as vedas insuficientes, a utilización de determinados medios de pesca, o furtivismo, a flexibilidade da Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos ante determinadas presións do sector, o funcionamento das confrarías, son só algúns dos problemas que se deben abordar.

O descoñecemento científico do mar dende un punto de vista ambiental. Nos últimos anos levouse a cabo un incremento da investigación do mar, pero esta tivo sobre todo un acento meramente economicista de curto prazo. Tamén sería bo incrementar a investigación sobre as rías coa finalidade da conservación dos seus recursos animais e vexetais, incluída unha análise a fondo (en dobre sentido) sobre a contaminación das augas e do seu leito.

O cambio climático: Talvez a variable sobre a que menos influencia podemos ter, pero non menos decisiva que as demais. Dende mediados dos anos 90 obsérvase a aparición de determinadas especies animais e vexetais na ría que antes eran propias de latitudes máis austrais, este é un fenómeno que tanto científicos, como pescadores, profesionais ou afeccionados e mergulladores levamos anos observando. Vén provocado por un aumento da temperatura da auga derivado á súa vez non tanto polo incremento da temperatura global no mar, senón máis ben polo cambio nas correntes oceánicas, que limitan o acceso das características correntes nórdicas que bañan as nosas rías e provocan un maior acceso de correntes máis cálidas do sur. Isto leva a que se produzan diminucións nas achegas de nutrientes que están empobrecendo a calidade das rías galegas. Se algo hai globalizado no "planeta azul" iso é o mar, e a nosa costa non está sendo en absoluto allea a este fenómeno, que non é só cousa da licuación do xeo dos polos.

Río Tambre. Foto: Sara Molinos. Alumna do IES Poeta Añón.

Declaración de *Reserva da Biosfera "Rías Baixas"*: Anque semelle incrible o proxecto incial de proposta por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Declaración como Reserva da Biosfera das rías baixas ante a UNESCO non inclúe a ría de Muros e Noia. Foi a denuncia pública da Asociación Terra de Outes e da Asociación en Favor do Bosque Caducifolio a que lle quitou as cores á Consellería, que tratou de disimular o incomprensible agravio co pretexto de que aínda non hai nada definitivo, esperemos que esta denuncia vala para que a proposta definitiva inclúa, como é de xustiza, o recoñecemento internacional que a ría se merece, non só porque tamén forma parte das "rías baixas", senón porque o valor ecolóxico é igual ou maior que o do resto de zonas dese proxecto. Para que ninguén se alarme, esta declaración ademais do recoñecemento mundial non vai implicar limitacións ao desenvolvemento de ningún tipo senón que potenciaría o desenvolvemento sostible, igual que en boa parte de Arousa, Pontevedra ou Vigo.

Esta serie de problemas teñen que ser abordados primeiro dende a concienciación social da valía deste recurso, percepción que non sempre semella ser suficiente, e por outro lado dende o establecemento de diversas medidas coordinadas a nivel público nun plano estratéxico de conservación. Necesítase acelerar o sistema de depuración e dotalo dos suficientes recursos que permitan unha utilización eficiente do mesmo e non só simbólica. Cómpre a rectificación da política custosa e destrutiva de encementar a ría: paseos, viadutos, recheos.... Tamén necesitamos pararlle os pés de verdade ao "urbanismo depredador", con medidas reais de protección da costa e non só propagandísticas como tanto lle gustan a este goberno. Urxe que salvemos unha parte esencial da alimentación natural da ría: os ríos, con medidas eficaces de protección dos mesmos e de limpeza dos esteiros, neste momento son grandes as expectativas postas no interesante proxecto anunciado polo concello de Noia e por Costas. Débese continuar coa paralización de grandes e pequenos encoros nos ríos e mesmo ir pensando xa no desmantelamento dos existentes. Cómpre que a distribución das granxas de cultivos mariños obedezan a verdadeiros criterios de racionalidade ecolóxica e económica e non ao custo político de curto prazo. É necesaria unha política valente de ordenación do sector marisqueiro e pesqueiro dirixida á verdadeira explotación sostible dos recursos e non a un enganoso economicismo de curto prazo, así como a erradicación de determinados vicios do sector. Necesitamos xa investigación libre orientada ao coñecemento exhaustivo do medio e do nivel de contaminación para a súa preservación por desagradables politicamente que sexan algúns resultados (outros poden ser esperanzadores). E por último tamén dependemos da evolución do planeta no relativo ao cambio climático por canto este fenómeno xa leva anos afectando aos nutrientes das nosas rías pola modificación das correntes, aquí temos menos capacidade de influencia pero tamén se pode facer algo en Galiza: ¿sabedes que as centrais térmicas e incineradoras de Galiza son dos focos máis contaminantes de Europa en canto a emisións gasosas co 8% das emisións de todo o estado español? Aínda estamos a tempo, xa é moito o dano feito pero hai moitas posibilidades teóricas de facer unha "terapia combinada"; penso que o escepticismo agora vén máis pola indiferenza socio-política ante a decadencia da ría que pola oportunidade de desenvolver medidas de conservación deste recurso.

Si, sobre o papel podemos salvar a ría, pero a pregunta é: ¿deixarán algúns que a salvemos?: o conxunto de poderes político-económicos que talvez a curto prazo non estean tan interesados neste labor non son precisamente inimigos doados de vencer. Pero iso si, deixando á parte esta limitación imprecisa debemos esixir que canto antes se inicien medidas para a preservación da nosa ría, tesouro de valía incalculable, pero de saúde delicada.

PAISAXES: Río Tins

Sinuoso o río Tins, camiño pola súa conca, sen présa, con encanto. Eu percorro polas súas marxes e percorro cos meus ollos os seus recunchos; coa mente a recordar.

Silandeiro o meu río, o que cando nena me miraba, ¡o meu río!, o que facía que o mirase. As follas voando deixábanse caer, para ser levadas; el deixaba que xogasen camiñando cara ao final do seu camiño, levábaas.

Deolinda Molinos

Foto: Noelia Abelleira. Alumna do IES Poeta Añón.

Efemérides: ocorreu en Outes...

Día 24 de marzo de 1985: O Outes, F.C. Xuvenil conquire o Campionato da Liga da Costa.

Día 27 de marzo de 1908: Nace Eladio Gómez, zapateiro de A Serra, que foi represaliado con malleiras e desterrado a Ávila durante o réxime de Franco, debido ás suas convicciónns comunistas.

Día 1 de abril de 1993: A revista comarcal A Motora, publica o descubrimento dos petroglifos de Fonte Moreira (O Freixo).

Día 5 de abril de 1694: O Rei Carlos II concede o título de Marqués de A Serra a Don Fernando Mariño de Lobeira e Andrade, daquela posuidor do Pazo de A Serra, que fora edificado en 1385.

Día 5 de abril de 1975: O grupo de teatro "Candea", dirixido polo mestre Xosé Agrelo Hermo, representa en Outes a obra "Pancho de Rábade", co fin de acadar fondos para a restauración da Capela de Santiaguiño en A Serra.

Día 11 de abril de 1973: O grupo musical "Los Romero", de Outes, grava en Barcelona o disco "Tutto il mio amore".

Día 11 de abril de 1991: O profesor e investigador Xoan Xosé Mariño Reino presenta en A Serra o libro O escultor Ferreiro, que deixou moitas das súas obras en igrexas do concello de Outes.

Día 12 de abril e 1931: Xesús Martínez Arcos, veciño de O Freixo, sae elixido alcalde de Outes.

Día 20 de abril de 1878: O poeta de Outes, Francisco Añón Paz, morre no Hospital da Princesa, en Madrid.

Día 22 de abril de 1987: O mestre Carlos Romero Queiro, funda en Outes a Asociación Deportiva Infantil e Xuvenil (ADIX).

Día 22 de abril de 1989: Fúndase a Asociación de Amas de Casa de Outes, saíndo presidenta Dona Deolinda Gómez Molinos.

Día 26 de abril e 1846: Son fusilados en Carral os dirixentes revolucionarios, que se ergueran contra o centralismo de Narváez. Añón, membro deste movemento provincialista vese obrigado a fuxir a Portugal.

Día 17 de maio de 1966: Dedícase o Día das Letras Galegas ao poeta de Outes Francisco Añón Paz. Otero Pedrayo e Sebastián Martínez Risco están presentes nos actos, entre os que destacou a colocación dunha estatua do escritor.

Día 17 de maio de 1996: O BNG de Outes fai unha ofrenda floral diante da estatua de Francisco Añón, en protesta pola ausencia de actos por parte do Concello no Día das Letras Galegas, e polo olvido no que se atopa a figura do poeta.

GASTRONOMÍA

PIÑA TROPICAL CON COMOGELOS

INGREDENTES:

Piña tropical
Cogomelos
Gambas peladas
Cebola
Pementa
Sal
Allo
Pixel
Tomate maduro pelado
Tomate *cherry*
Nata líquida
Bacon
Rabaniños tenros
Viño branco



ELABORACIÓN

En primeiro lugar póchase a cebola co tomate e o allo, logo agregar os cogomelos na tixola, deixar a fogo lento 15 minutos e engadir o o viño branco. De seguido sumarlle as gambas co bacon tallado. Cando estea feito todo, salpementar e aromatizar con prixel a gusto de cada un. Finalmente engadir á mestura un vaso de nata líquida e deixar reducir 10 minutos.

Mentres, dividir a piña verticalmente en dúas metades e valdeiralas cun coitelo. Tallar a polpa en forma de dados e mesturarllas ó preparado das setas que segue a lume lento.

Finalmente, co preparado rechéanse ambas as dúas metades do caparazón e sérvese quente, presentado con tomate *cherry* e rabaniños tenros de decoración.

Modesto Pedrosa (Bar Estación)

JOSEMA Seguros
Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

TGC TRANSPORTES
GENEBRANDO CASTRO, S.L.
Tel./Fax. 981 850 737
C/. Conchido 6 - Bajo - OUTES - A Coruña
www.genebrandocastro.com

UNHA FOTO HISTÓRICA, DEPORTIVA, DESORDENADA, DEMOCRÁTICA e MUSICAL

Quico Vidal

A presentación:
Era o ano 1979, van alá 29 anos, e por iso é unha foto histórica. O motivo da xuntanza non era outro que un partido de fútbol entre os alumnos de oitavo, do que antes era a EXB, e os mestres do Colexio da Serra.
É unha foto deportiva polo seu propio motivo e por outros. Non sei se vos decatades de que o equipo dos mestres da Serra ten reforzos, en concreto un alumno, un mestre doutro colexio, un conserxe e un piloto do bus escolar. ¿Daquela xa chegara á Serra a globalización? Non, realmente o que tiñan é que completar a equipa, que neste deporte do balón compóñena 11 membros. Pero, se son 11 os xogadores de cada equipa, ¿como é que son 12 os alumnos alineados? A resposta é clara, son cousas da deportividade.
Dáme a min que tamén é unha foto desordenada, non sei precisar moi ben cal é a causa. Pode ser que sorprenda que os mestres non teñan dorsal e os alumnos teñan dorsal uns e outros non, ou que unha equipa sexa máis numerosa ca outra.
Por último, é unha foto democrática, pois ónde vistes vós que as equipas rivais pousen xuntas antes de empezar a partida. O feito de que uns teñan dorsal e outros non, non elimina o seu carácter demócrata, pois iso non era máis ca un problema de intendencia.
As alineacións:
De esquerda a dereita (por iso tamén é democrática) e prescindindo de títulos, as alineacións eran a seguintes:
Equipa dos mestres: Cuns (era alumno), Manuel Canay, Jorge, Crespo, José Antonio, Manuel Otero, Barreiro, Carlos Romero, Suso, Xerardo, Luis (Como estaban tantos membros de "LOS ROMERO", tamén é unha foto musical).
Equipa dos alumnos: Herminio, Juan "Jamela", Antonio, Juan Antonio, Manolo "Bolato", Quin, Kiko (un humilde servidor), José da Ponte, José Manuel da Vela, Juan da Sesta, Del Puerto e Carlos.
As incidencias:
Como é unha foto tan histórica, non me lembro do resultado. Coido que gañaramos, pero dado o carácter deportivo e democrático tampouco sería raro que empataramos. Si lembro que o árbitro era Paco de Galdrán e que Herminio lle fixera unha dura entrada a Crespo, feito que non elimina o carácter deportivo da foto deste partido, pois ambos os dous simpatizan con partidos distintos e distintos a este partido (repito adrede "distintos" e "partido", para que se me entenda ben). Eu empecei xogando de dianteiro centro, pero na segunda parte fun o defensa central, polo tanto, supoño que o central da primeira parte acabaría xogando de dianteiro centro, o que facía de extremo esquerdo na primeira parte estaría xogando de lateral dereito na segunda e así sucesivamente. No sei se estes cambios puideran estar xustificados polo carácter deportivo, democrático ou desordenado da foto.
Como podedes ver tamén había moito público e a pelota era redonda. Non xogaron mulleres, pero falarei delas nunha próxima ocasión.

Centro de Día de Outes

CAPACIDADE:
30 usuarios
PERSOAL:
- 1 traballadora social – Directora
- 1 terapeuta ocupacional
- 1 psicóloga
- 1 fisioterapeuta
- 3 xerocultoras
- 4 PSX

INSTALACIÓNS:
O centro conta con dúas salas grandes destinadas á posta en marcha dos programas terapéuticos e a comedor, unha cociña, tres cuartos de baño adaptados, dous despachos para o persoal e varios espazos dedicados a almacén, vestiarios e limpeza. O centro está adaptado para persoas con mobilidade reducida, xa que conta con escaleiras amplas e con pasamáns e con ascensor, de modo que poden acceder a tódalas dependencias.
SERVIZOS QUE SE PRESTAN
1.Asistenciais:
Axuda nas actividades básicas da vida diaria: asearse, camiñar, comer, etc.
2.Terapéuticos:
Intervención nas capacidades cognitivas, condutuais e emocionais.
Intervención nas capacidades funcionais e nas disfuncións instauradas.
Intervención nas funcións físicas.
Atención básica de enfermería.
Intervención socializadora e socioeducativa.
Intervención familiar. Etc...
3.Servizos hoteleiros:
Almorzo, comida, merenda.
4.Transporte.
5.Outros:
Vixilancia, limpeza, biblioteca.

Foto: Adolfo Enríquez

Entrevista con Ana Lagares

Ana María Lagares naceu en A Estrada (Pontevedra) en 1978, diplomouse en Traballo Social pola Universidade de Santiago e leva traballando con persoas maiores desde o 2003, primeiro nunha empresa de Servizo de Axuda no Fogar en A Estrada e Cuntis e, desde o 2007 para o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. En decembro dese mesmo ano foi nomeada Directora do Centro de Día de Outes.

Cóntenos, ¿de que forma se puxo en marcha o Centro de Día de Outes?
O centro foi inaugurado en maio do 2007 polo concello de Outes e en outubro do mesmo ano pasou a formar parte da Rede de Centros de Día do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Ana Lagares. Foto: María Vázquez.

E quen o usa?
Actualmente ó centro asisten 18 usuarios, a maioría veciños do Concello de Outes e en menor medida dos concellos de Muros, Lousame e Noia.
Os usuarios, nestes momentos, son na súa maioría mulleres, un 68%, fronte a un 32 % de homes. As súas idades están comprendidas entre os 61 e os 93 anos; e cun grado de dependencia que oscila entre un grao II (dependencia severa) e un grao III (gran dependencia). Case todos acoden ó centro en xornada completa e o 90% utiliza o servizo de transporte adaptado para desprazarse ao mesmo.

Ben, e como é a atención que reciben?
Eu penso que a máis adecuada, pois contamos cun Centro adaptado e funcional, completamente equipado e dotado de persoal técnico altamente cualificado e con experiencia no traballo con persoas maiores. Pero a pesar disto xorden pequenas dificultades na práctica diaria que temos que ir solventando en equipo. Isto permítenos ir avanzando e aprendendo para ofrecer cada día un mellor servizo ós

nosos maiores, e servirá de experiencia para a posta en marcha de futuros centros.

Agora díganos, cal é o seu papel nel?
Desempeño dúas funcións diferentes: unha como Traballadora Social e outra como Directora do Centro.

Como Traballadora Social ¿que labores leva a cabo?
Basicamente dous: Un é planificar e organizar o traballo social no centro e a segundo realizar a diagnose social e o seguimento das persoas usuarias. O primeiro consiste fundamentalmente en elaborar unha programación de obxectivos e racionalización do traballo. A segunda tarefa é máis laboriosa: comporta acoller ás persoas usuarias e as súas familias, xestionar as solicitudes de acceso ao Centro, orientar ás familias, asesorar sobre o uso e o acceso a prestacións e realizar estudos encamiñados a coñecer os aspectos sociais das persoas e familias usuarias.

E como Directora ¿que responsabilidades ten?
En primeiro lugar planificar e xestionar de xeito integral o Centro, organizando e coordinando os distintos profesionais e áreas e programando e realizando o seguimento dos obxectivos marcados; en segundo lugar dar conta e manter comunicación continuada coa Área de Benestar do Consorcio e, finalmente, participar e dirixir as comisións tanto internas como doutros organismos (concello, deputación...) ás que está adscrito o Centro de Outes.

E falando do concello, como é a relación con el?
Intentamos que sexa máis ca puramente formal, dado o carácter de prestación social do Centro de Día, por iso mantemos constante comunicación a través dos Servizos Sociais do concello.

Rede Galega de Centros de Día

Que é o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?
É unha entidade interadministrativa para a xestión dos servizos sociais na comunidade creada coa fin de sumar esforzos entre a Xunta de Galicia e os concellos para promover a creación de programas e accións conxuntas dirixidas a mellorar as condicións de vida das persoas que presentan especiais necesidades de protección social en Galicia.

Que son os centros de día?
Son Centros xerontolóxicos socio-terapéuticos e de apoio ás familias que, durante o día, prestan atención terapeútica **integral e plural** ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa **autonomía** persoal, actividade relacional e a permanencia no contorno habitual.

Cales son os obxectivos dos centros de día?

-Establecer actuacións que maximicen as aptitudes vitais das persoas usuarias.

-Dotar ás persoas usuarias de coidados e intervencións preceptivas, tanto sociais como sanitarias, para paliar déficits e mellorar o seu benestar.

- Proporcionar apoio aos familiares e ao contorno coidador das persoas usuarias.

- Ofrecer unha atmosfera educacional na que familiares e profesionais poidan desenvolverse de xeito idóneo .

Quen son os seus usuarios?
As persoas maiores cunha dependencia física, psíquica ou sensorial, de carácter leve ou moderado e as súas familias.

Cales son os requisitos para acceder ós Centros de Día?

-Ter 65 anos ou máis ou, excepcionalmente, persoas maiores de 60.

- Ter residencia efectiva e estar empadroado nun concello galego, cando menos durante o ano completo inmediatamente anterior á formulación da solicitude, agás no caso de emigrantes retornados e cidadáns nados en Galicia.

- Non poderán acceder as persoas que padezan doenzas infecto-contaxiosas, en estado terminal, ou que requiran a atención dun centro hospitalario e/ou unidade especializada.

Foto: Adolfo Enríquez

Recordos da infancia

Deolinda Molinos

Hoxe, un día como outro calquera, faime volver á vila que me viu nacer.
Cando me adentro na miña terra, é como se algo do meu interior asomase a min. Quedo embelesada mirando os atardeceres na ría de Ribademar; qué paisaxe máis idílica. As nubes sitúanse encima dos montes e son como ráfegas de luces, que só o pensamento permite mirar de mil maneiras.
As augas tranquilas e serenas do río Tambre morren ou déixanse morrer de amor ao mirar a paisaxe que se asoma.
Langaño coa súa fábrica, que os anos transcorridos non permitiron tirala.
Recordo cando era nena; cun grupo de xente da miña vila, bañabámonos, nas súas augas, e despois do baño relaxante merendabamos nos campos de herba que percorrían as marxes da auga.
Recordo o olor a mar e piñeiro da miña vila; non conseguín aínda hoxe, co paso dos anos, esquecelo.
Cando me deteño e miro, vexo edificios construídos para deleite de xentes que verdadeiramente non puideron ver o que vimos os outenses antes. Paisaxes como esta que describo, non debían ser esquecidas, e menos molestadas.
Os outenses temos que recoñecer as marabillas que son nosas e deixar de pensar por unha vez que somos o primo pobre da comarca.
Somos xente de ben, nobres, hospitalarios e prudentes, como a nosa terra, que nos acolle e fai que sexamos o que somos.
Non podemos deixar que a leven outros, que destrúan os encantos naturais.
Hoxe que se lle dá tanta importancia ao medio ambiente, que non sexan os de Outes ignorantes, que defendan os seus encantos naturais, que aprendan a querer a terra como a ninguén e pensemos que o que podemos ver hoxe, será o que outros anteriores a nós nos legaron.

A xente do mar

Xesús do Río da Torre

Parece ser, din por aí as malas linguas, que a unha Confraría de Pescadores da nosa Ría, aínda non chegou a Democracia, e que impera a Ditadura.
Segundo din, hai un "alto cargo" da Consellería de Pesca que, en colaboración co máximo responsable do Pósito, quere meter a dedo a novas mariscadoras, por tratarse de familiares e amigos, a cambio de favores...
Se isto vai adiante, ¿que pensarán esas persoas de toda a comarca que levan anotadas e esperando a súa vez para poder entrar?
Seguro que lles virá á mente o recordo do "papá poderoso", que por encima de calquera cousa, metía o fillo onde fose, polo simple feito de ser amigo do "Patrón".
Si, parece que voltamos ó caciquismo, estes "Sres." Empéñanse en seguir como anos atrás, abusando dun poder que lle outorgamos todos e non respectando nada.
Non queren saber que existen normas para cumprir por un ben xeral, e non polo beneficio duns "cuantos".
¡Espertade, estamos no ano 2008!

Unha estradiña?

Onde se imaxinaron estradas de 14 e 16 metros de ancho?
...en Santiago? ....en Bertamiráns?....en Noia?.
Non ???
onde?...
NA SERRA : O PXOM de Outes

Lusco e Fusco

HUMOR

Centenario do Himno Galego

Ramón Blanco

Os himnos son símbolos, como as bandeiras, gústenos ou non, da identidade colectiva dos pobos. Neles deberiamos recoñecernos os pertencentes a unha mesma comunidade, sexa cal sexa a denominación desta: nación, país, etc. No caso do noso himno oficial, tense dito da súa letra que en vez de unir, separa. Porque cando o cantamos todos queremos ser bos e xenerosos, pero algúns terá que haber que sexan ignorantes e férridos e duros, ou mesmo imbéciles e escuros. O problema é saber en qué lado está cadaquén, porque varía segundo a perspectiva, ou segundo quen o cante.

Entre estes e outros rifirrafes cumpriu o himno galego o seu primeiro centenario o pasado 20 de decembro de 2007, xa que se considera ese mesmo día de 1907 o da súa estrea oficial, ao ser interpretado solemnemente no Centro Galego da Habana.

O profesor Manuel Ferreiro (*De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*, Laiovento, Ames, 2007, 4ª ed. revisada.), a quen seguimos para a redacción deste artigo, veu aclarar que, contra o que se puidese pensar, o verdadeiro promotor e artífice do himno foi o músico mindoniense Pascual Veiga, autor da música do mesmo, quen lle solicitou unha letra para ser cantada a Eduardo Pondal en 1890, "*unas sencillas estrofitas que sean como un suspiro regional*". O texto sería a base de composición para un certame convocado polo Orfeón nº 4 da Coruña, presidido polo propio Veiga, no que se competiría pola mellor Marcha Regional Gallega feita sobre esa letra. O bardo comezou sucesivas redaccións e versións do texto, que corrixiu repetida e teimosamente, como era habitual no seu labor poético. En menos de dous meses envioulle ao compositor a primeira versión. Despois dalgunhas correccións, sobre todo rítmicas, o poema quedou listo. Aínda que Pascual Veiga non podía presentarse ao certame, tivo que escribir a música para "Os Pinos", porque se o premio quedase deserto habería que interpretar esta partitura.

Pero certamente a verdadeira difusión e recoñecemento do himno chega na xa citada data de 1907, no Centro Galego da Habana, grazas a Xosé Fontenla Leal, a quen nos últimos anos xa se lle veu recoñecendo este labor, mesmo chegando a afirmarse que fora el o principal axente da xénese do himno, solicitando a realización da música e do texto, que non foi tal, como xa vimos. O que si fixo Fontenla foi contactar con Veiga para pedirlle unha copia da partitura que este compuxera, e tamén tentará que Pondal alongue a letra, "*de esa manera la poesía no quedará coja para la música*".

Desde aquela o movemento galeguista e nacionalista acolle o himno como definitivo, pero só en 1984 pasa a ser recoñecido institucionalmente como Himno Galego, pola Lei de Símbolos da Xunta de Galicia. Varias deturpacións que sufriu o poema ao longo da súa historia, desde que fora publicado no Prospecto do Certame Musical celebrado na Coruña para consagrar un Himno Galego, e difundido inicialmente a través da prensa cubana, condicionaron o texto que se aprobou para o Himno na citada Lei de Símbolos. Algúns destes erros, que a simple vista poden parecer bizantinas discusións para filólogos de salón, pexaron na interpretación semántico-literaria do que debería ser o poema que máis nos identificase como nación, ou o que sexamos.





Volta arredor do Pedregal

José Antonio Mayo

Unha boa forma de coñecer o noso pobo é percorrelo a pé. Por iso propóñovos unha ruta que me parece que pode ser do voso interese.
Antes de iniciar a nosa marcha temos que coñecer as características desta ruta, e o que necesitamos para facela en boas condicións:
Distancia do percorrido: 7,5 km aproximadamente.
Duración: 1 hora 30 minutos.
Esta ruta ten como inicio e fin o Cruceiro de Roo. Collendo a estrada cara a San Cosme ou Porto da Barquiña. Onde está o cruceiro hai unha placa que indica nesta dirección.
No primeiro tramo temos beirarrúa para andar, despois temos que andar pola beira da estrada. Esta estrada ten tráfico moderado, por iso temos que ter coidado cos coches.
A pouco de andar entre as casas do Cruceiro de Roo, chegamos ás primeiras casas de Lagoa. Seguindo pola mesma estrada e deixando o lugar de Lagoa á nosa esquerda chegamos a un cruce, pero nós seguimos de fronte para chegar ás primeiras casas da Canteiriña.
Ata agora o traxecto é chan, pero atravesando o lugar da Canteiriña temos unha pequena subida de 100 metros.
Chegamos ao final do lugar, e seguindo 300 metros pola mesma estrada vemos á dereita o campo de festa de San Cosme, á esquerda a igrexa de San Cosme de Outeiro(2) (1753) e en fronte a casa do cura. Ata aquí levamos percorrido aproximadamente 1 km 100 metros.
A igrexa de San Cosme está ao pé do monte Pedregal. Neste monte hai un castro(1), e tamén unha antiga canteira de arxila para a fabricación de ladrillos.
O resto do percorrido vai arredor do Pedregal.
Agora temos que subir unha costa de 400 metros, e chegamos ás primeiras casas de San Cosme. Atravesamos o lugar ata o final, aproximadamente 500 metros. Este paseo é moi agradable. Ás casas dálles o sol todo ano e a vista da ría é impresionante. Na parte baixa vemos as leiras nas que teñen fama de cultivarse as mellores cebolas da comarca.
Chegamos ás últimas casas e encontramos un cruce de camiños. Se seguimos de fronte durante 500 metros chegamos á Barquiña, lugar que está na beiramar e que tiña un embarcadoiro que usaban os barcos que levaban a xente a Noia. Antigamente, para as persoas que ían vender ou comprar á feira de Noia, este era o paso máis usado. Por aquí pasaban os habitantes da comarca, e incluso de Esteiro viñan a pé para cruzar por aquí. Despois da visita, temos que voltar pola mesma estrada.
Se decidimos non ir ata a Barquiña, xiramos á esquerda cara a Albeida. Temos que subir unha costa de 300 metros ata as primeiras casas de Albeida. Esta é a subida máis dura do todo o percorrido. Á esquerda, na metade da costa, vemos unha carballeira moi ben coidada. Cando chegamos arriba temos moi boa vista de Noia e da desembocadura do río Tambre. Ata aquí levamos percorrido 2 km 700 metros.
Temos que seguir ata o final de Albeida. Nas últimas casas hai un cruce, collemos o camiño da esquerda que sobe cara o monte. Seguindo este camiño durante 100 metros, chemos a unha curva onde collemos un camiño á dereita. Este camiño, que baixa entre piñeiros convértese nun paseo moi agradable, sobre todo cando fai calor.
Despois de andar por este camiño durante 400 metros chegamos a un lugar onde hai unha fonte de 1827, un lavadoiro e varios muíños. Son os muíños de Albeida. Aquí temos dúas alternativas, seguir de fronte e o camiño segue polo monte ata Rates ou collemos á dereita e baixamos as escaleiras de madeira que colocou o Concello de Outes.
Se baixamos as escaleiras podemos ver os muíños de Albeida. Despois do último muíño hai un merendeiro. Este é un bo sitio para descansar e comer algo para repoñer forzas. Se necesitamos auga, temos unha fonte na beiramar. Ata aquí levamos percorridos 3 km 900 metros.
Despois de repoñer forzas seguimos a senda verde que vai ao longo da beiramar. Percorridos os primeiros 50 metros temos que atravesar a estrada asfaltada e seguir pola senda verde (está indicada nun poste de madeira).
Neste paseo, ao longo de 700 metros pola beiramar, podemos ver os restos do barco Espiñeiro, que foi feito no astaleiro de mesmo nome. Dende hai 30 anos está abandonado neste lugar, e podemos velo cando imos a Noia dende Ribasdemar.
Cando chegemos ao monte encontramos unha estrada asfaltada, e collemos á esquerda dirección ao lugar de Rates. Ata chegar ao lugar temos unha pequena subida de 350 m.
Cruzamos a estrada asfaltada e metémonos entre as casas. No medio do lugar encontramos a capela de S. Martiño(3) (aínda que na porta pon "AÑO DE 1838", temos constancia dela do ano 1505). Dentro da capela encontramos a figura de S. Martiño(4), posiblemente de orixe gótica.
Seguindo entre as casas ata o final do lugar encontramos o Cruceiro de Souto. Despois do cruceiro collemos un pista non asfaltada que está á nosa esquerda. Despois de subir 800 metros entre piñeiros, chegamos ao lugar de Gulfián (nome de orixe xermánico). Dende aquí podemos disfrutar dunha bonita vista do val.
Atravesando o lugar por unha estrada asfaltada e sen desviarse baixamos ao lugar da Canteiriña. Lugar polo que pasamos na primeira parte do percorrido, pero agora xiramos á dereita cara ao Cruceiro de Roo.

Información recollida dos libros de Xóan Mariño: *Patrimonio histórico-artístico de Outes*

(1) Castro Pedregal: Volume I, páxina 76.
(2) Igrexa de San Cosme de Outeiro: Volume II, páxinas 30, 31 e 32.
(3) Capela de San Martiño: Volume II, páxinas 59 e 60.
(4) San Martiño: Volume I, páxina 99.

Semana branca do IES Poeta Añón

Laura Mosquera

Como vén sendo habitual desde o ano 2001 o departamento de Educación Física do IES Poeta Añón levou a cabo o pasado mes de xaneiro a súa "Semana Branca", actividade con notable e crecente acollida por parte do alumnado, que na maioría dos casos experimenta o seu primeiro contacto coa neve e máis concretamente co esquí.

Esta actividade consiste nunha semana pensada e organizada para vivenciar e gozar dos deportes brancos, para o que é necesario trasladarse a unha contorna na que a neve sexa a principal protagonista, na procura do disfrute dos nosos viaxeiros.

Para iso, este ano o centro decantouse pola contorna dos Pireneos, berce dos deportes de neve e en concreto pola estación de esquí de Soldeu, coñecida como a principal estación de Andorra e carta de presentación do grandioso val de Grandvalira.

A actividade foi protagonizada por 31 alumnos de 4º de ESO, dos 41 matriculados no centro. É para eles a última viaxe cos seus compañeiros de instituto, antes de que cada un escolla o seu novo camiño a seguir tras o ensino obrigatorio.

Como en anos anteriores compartimos a nosa experiencia cos alumnos do IES Campo San Alberto de Noia, onde adoita aterrar a maioría do noso alumnado que decide continuar os seus estudos co bacharelato, de maneira que esta semana branca suponnos tamén un reencontro coa maioría de mozos e mozas cos que xa compartimos esta viaxe en anos anteriores. Por iso non é de estrañar que o 90 por cento dos viaxeiros fosen outenses.

Durante esta semana os alumnos dedícanlle cinco días á práctica do esquí, contando con dúas horas diarias de clase impartidas por persoal cualificado da estación. As tardes quedan curtas, pois a estancia nas pistas dura desde as 10 da mañá ata as 5 da tarde, pero aínda así quedou tempo para novas experiencias, como a patinaxe sobre xeo no Palacio de Xeo de Canillo ou o espectacular balneario de Caldea, o maior de Europa polo momento.

Aprenderon a esquiar, patinaron sobre o xeo, bañáronse nas cálidas augas de Caldea, pero o máis importante é que souberon convivir como grupo. Gozaron e demostraron ante todo un comportamento exemplar e capacidade para divertirse, sanamente e en compañía, nunha experiencia que, por qué non dicilo, non todos tivemos oportunidade no seu momento.

Por todo iso agradecemos ao alumnado a participación e o saber estar demostrado, a confianza depositada polos pais, e como non, ao resto de profesorado do centro pola súa colaboración, en particular á profesora que se brindou voluntaria para acompañarnos xa por segundo ano consecutivo.

"Ao final, todo sempre acaba ben, se as cousas non van ben, é porque aínda non chegaron ao final"
Paulo Coelho – Maktub

Laura Mosquera Escudero
Profesora de Educación Física
IES POETA AÑÓN

Salón de Beleza
Susana Novais
Perruquería e Estètica
"Unisex"
Aspera
Cruceiro de Roo
SERRA DE OUTES
Tlf. 981 765 479
(CITA PREVIA)

AGROCAROU
Biona
Agustín Carou López
Distribuidor Piensos Biona
San Ourente - Outes
Teléf.: 981 85 03 66
Móvil: 626 27 06 96
A CORUÑA

Os hórreos de San Lourenzo (I)

Xoán X. Mariño

Estes elementos tan singulares da arquitectura popular galega son particularmente abondantes no concello de Outes, debido á fonda tradición agraria da maioría da súa poboación.

Contabilizáronse en todo o territorio municipal, durante proceso de catalogación que se levou a cabo nos primeiros anos do presente século, un total de 1.354 hórreos, dos cales 49 corresponden á parroquia de S. Lourenzo de Matasueiro. Número bastante reducido, sobre todo se o comparamos cos máis de 200 que hai en cada unha das parroquias de S. Ourente e S. Pedro de Outes, explicable non tanto polas pequenas dimensións de S. Lourenzo comparado con aquelas, senón pola súa menor densidade demográfica, pois S. Cosme é aproximadamente do mesmo tamaño, pero o feito de ter máis habitantes (1.204 sancosmáns fronte a 320 matasueirenses cara a 1930, época na que se construíron os últimos hórreos tradicionais), fai que na parroquia ribeirá se atopen máis de 180 destas construcións cando na do interior hai, como se indicou arriba, a penas medio cento.

Sen embargo, a pesar de tan cativa cantidade, a variedade tipolóxica dos mesmos é bastante grande e a beleza dalgúns exemplares, aínda que non cheguen a ter as dimensións de varios dos atopados en Outes, Roo e Valadares, non desmerece á de ningunha outra fregresía.

Polo que respecta á variedade de tipoloxías, ademais da habitual distinción entre os hórreos de pedra (ver foto 3), madeira e mixtos, clasificación elemental que non existe en tódalas parroquias, pois en máis de unha xa non se conservan hórreos do segundo tipo, cómpre ter en conta que dentro dos primeiros hainos que distinguir de sillería, perpiaños e cachotería, dentro dos segundos obsérvanse uns dun só tramo e outros de dous tramos (ver foto 2), cando noutras parroquias só os hai dun único tramo, e na terceira categoría tamén se poden diferenciar polo seu diverso número de tramos. E se a esta diversidade se engaden as diferencias de soportes uns con cepas (ver foto 4), outros con pés e, dentro destes a maioría son oitavados, pero tamén os hai cilíndricos,troncocónicos e aínda prismáticos-, de tornarratos -uns cadrados, outros cilíndricos e outros hemiesféricos-, de portas -uns teñen un soa porta, outros teñen dúas-, de paredes penais -unhas son lisas, outras teñen regandixas de ventilación e moitas levan porta- e aínda de elementos decorativos -a maioría teñen simples cruces, bastantes levan cruz sobre pedestal, moitos amosan remates de pico, algúns con bola e, moi frecuentemente levan cruz nun extremo e pináculo no outro (ver foto 1)-, nos encontraremos con que todas estas



Foto 1: Famelga. Foto: Carlota Antenlo. Alumna do IES Poeta Añón

Foto 2:Hórreo de Carrillo. Famelga.

Foto 4: Hórreo de María Muñiz

diferencias fan que practicamente non haxa un hórreo igual a outro en toda a parroquia.

Por lugares, Mastontán é o núcleo de poboación que máis hórreos posúe (13), a pesar de non ser o que ten maior número de habitantes (50 a finais do s. XX), sendo superado en veciños por Barco e Famelga (73 e 69 respectivamente no padrón de 1991), que son os lugares que lle seguen en cantidade de hórreos (11 nun e 9 noutro), sendo Bargo, Pedrolo e Rodeiro os que menos teñen (un cada un deles), e, se ben este exiguo número é explicabe nos dous primeiros casos polo minguado dos seus veciños, non

Foto 3: Hórreos de Lourido

Pedro Chosco

Outra das figuras que camiña un percorrido labiríntico polos nosos soños é **Pedro Chosco**, que ten figura de home de barba branca, de maneiras doces e de voz grave. Pedro Chosco é o encargado de facer durmir aos nenos con suaves aloumiños, aínda que prefire anainar mozas e sobre todo criadas de servir. Din que xa as ronda polo día, e que as entretén impedíndolles traballar. Sobre isto, unha copla di:

Vaite de aí, Pedro Chosco,
Non me tentes a criada,
Nin ma vistes, nin ma calzas,
Nin lle pagas a soldada.

Os nenos ven a Pedro Chosco cando teñen xa un ollo pechado e outro non o poden abrir. En Dinamarca existe **Ole Kolpoje**, ou sexa, Ole Pechaollos, análogo ao noso. Sae nun conto de Andersen. En Inglaterra, é **Billy Winker**. En Escocia, **Wee Willie Winkie**.

Igual que no caso anterior, o personaxe tende a adoptar pequenas variantes de nomenclatura. Así, topamos tamén a '**Pedro Chusco**', exemplificado nesta copla publicada por Lence-Santar en *El Compostelano* o 5 do 11 de 1938:

"Pedro Chusco / Vaite de aí / Ti non me calzas, / Ti non me vistes, / Ti non me fas / Os meus ministeres; / Pedro Chusco / Que me queres?

Con Pedro Chusco / Teño un gran preito / Cando me toma / Logo me deito. / Ai, Pedro Chusco! / Vaite a deitar, / Déixame os nenos / ao meu fiandar".

Doutra cantiga é a variante '**Pedro Cego**' ("Aí vén Pedro Cego / Saltando nas portas / Dicíndolles ás mulleres / Que pousen os fusos / Que pousen as rocas / Zumba no fuso / Zumba na roca / Zumba na ama / ata que a envorca"), pero a máis orixinal é a de '**Perro Chosco**', na que o que antes era un home é agora un can. Vexamos esta copla, recollida a dona Xenoveva Lorenzo, da Carballeira, en Vilapedre (Vilalba) o 10 do 11 do 1997:

Con Perro Chosco
Tuven un preito,
Dendes que me dá
Logo me deito.
Ai, Perro Chosco,
Vaite deitar
Déixame as nenas
Ao meu fin andar!

Eis outra pequena mostra, tan só, da enciclopedia da tribo que a Modernidade e o esfarelamento da sociedade rural están a facer desaparecer a pasos axigantados, deixando un libro de páxinas en branco das que esvara, en regatos negros, a tinta. Estudar, recoller e conservar a Memoria Viva é un deber de todos, alén dun pracer para aqueles que non esquencemos o engado dos contos a carón, ou non, da metafórica lareira (o lume, alén de fermoso, está tamén, despois de todo, antropomorfizado, é un máis da casa nos contos e historias do acervo popular).

Manuel do Río Rodríguez

Tolemias

Olalla Tuñas

Tentar acalar os demos que azoutan a túa realidade máis ou menos humana é unha tentativa suicida coma outras tantas ás que nos vemos obrigadas neste inframundo recuberto de doce de marmelo e noces. Crer na mentira coma outra adicción calquera, coma calquera outro tipo de consolo, quer deus, quer o diaño, que a virxe María Magdalena chorando. De bágoas e xutes de absentismo. A política morreu cando quixemos secarlle as bágoas co pano do eufemismo. A democracia, unha dose de tranquilidade ás nosas mentes máis rápidas do que podemos ler nelas. Pai estado, nai puta e nós debaixo da colcha floreada de seguridade que en calquera intre será erguida por unha racha de vento que xa non esquivaremos. Xogamos á pita cega? E a incerteza por resposta. Ti cres? En que? A relixión non está de moda. Axeonllémonos ante a estatua da sereíña ou un libro de Locke. Barullo, moito barullo. Escoitas? Cruza a rúa, o primeiro cruce á dereita, continúas pola avenida arriba até chegares ó abismo, peta e pregunta por min. E despois? Peta e pregunta por min, non sexas testán. Quedas? Está ben, quedarei no abismo a velas vir, como se adoita dicir, e cando farte sairei a pasear polo país inexistente na rúa ningures. Ninguén de ningures serei. Que é un país no mundo das sociedades imaxinadas, morreu a carrapuchiña vermella e todos son o lobo feroz ou manso, como o recoñeceremos? Crer ou non crer, esa é a cuestión. O intimismo xa non é tal, creemos un intimismo colectivo e reescribamos os libros, collamos o pincel ou a brocha e sexamos todos o tolo de Van Gogh ou a Venus no Espello. Veste? Eu xa non me vexo. Quen son? Penso? E ti? Algunha melodía sona ao lonxe. Mira o reloxo, ves que hora é? o sentido é outro tipo de crenza. E por que son as 6 e non as 7? A dúbida é unha praga. Insecticida? Morramos todos. Creo na mentira coma outra adicción calquera, invertirei nela coma quen o fai en bolsa e I+D+I, etc, etc, etc…

Nalgún intre calarán as agullas e as teclas e as plumas e os altofalantes, daquela quedaranos escoitar o silencio, ou o eco do silencio. Nalgún intre alguén falará da inutilidade de falar e opinar e limitarémonos a escoitar ó «Gran Hermano» que todos imaxinamos cando vimos aqueloutro filme ou anuncio. Non é pesimismo nin tremendismo, nin ningún tipo de ismo, quizabes é un gran ollo, coma aquel que te observa cando te ergues e cando te deitas no soño máis porco que nunca tiveches: a teoría da conspiración ou un satélite en órbita terrestre para cazar palestinos.

A cuestión é crer ou non, non cres?

POEMAS

Gustavo García

TODO PESA

Ao final todo é gravidade,
peso tam insostível como reial.
Pesa o tempo, a rábia
de nom poder pará-lo.

O peso que derruba teorías,
o que levantam os lombos maltratados,
dos novos escravos.
-atados a cadeias comerciais-

Pesa o sorriso forçado,
as penas, a conciência,
os anos, a misséria moral.

Pesa a opulência descarada,
pesam os olhos dos famélicos
e pesam os olhos dos que se negam
a vêr paraisos destruídos,
com premeditaçom, alevosia
e nouturnidade.

Pesa o fracasso,
o medo, a mentira, as pernas
que impidem fuxir face atrás,
sempre face atrás.

Pesa a bondade insubmisa,
dos loitadores incombustíveis.
Também pesa o sangue verquido.

Pesa a soidade, a saudade,
a espera, a presa, peso eu.
Pesamos nós,
quizais nom tanto
como as nossas missérias.

Pesa o pó, o final,
a putrefacçom,
pesa a morte imaterial,
das ideias belas.

Pesa a morte clínica
da mente enferma por inaniçom cultural.
Ao final todo pesa,
a poluçom de umha indústria do medo.

Será inevitável a caida estrepitosa,
do nosso ego,
sempre sobrealimentado,
de inconsciência milenária.

Pesa saber o efímero,
da nossa ridícula existência,
ainda que nos empenhemos
na ridícula imortalidade.

Lecturas recomendadas

Syra Alonso. *DIARIOS*
Ed. A Nosa Terra. Colección: Mulleres (nº 3).
Vigo, 2000.
Tradución do castelán: Anxos Sumai.

Este libro garda a memoria dunha muller valente. Syra Alonso Brufau escribiu estes diarios, que son en realidade dous cadernos de memorias redactadas respectivamente en Tordoia (datadas en Compostela en 1938) e Actopán (Veracruz - México, en 1945).
No primeiro relata a traxedia de 1936, cando fusilan na Coruña ao seu home, o pintor Francisco Miguel Fernández Diaz, co que vivía en Oleiros, na que ela chamaba a "Casa da Felicidade". A autora consegue transmitirnos a súa angustia agardando a liberación do home, que non chegará nunca, e paralelamente déixanos pinceladas terríbeis da represión franquista en Galiza.
No segundo caderno conta o que foi a súa vida desde o asasinato de Francisco Miguel até que consegue marchar a México, levando con ela aos seus tres fillos. Mais esta partida é en realidade un regreso, porque xa vivira alí co seu home, de 1926 a 1933, cando coincidiran coa intelectualidade revolucionaria que inundaba aquel país, onde tan ben foran acollidos.
Lendo estas páxinas, debatémonos entre dous sentimentos: a ledicia porque a arte desta escritora non fose eclipsada pola fama do pintor, e a tristura por pensar que a isto contribuíu a desgraciada morte del, ruptura do seu auxe pictórico e causante destas memorias.
O que nos fascina deste libro é a frescura, dureza e sensibilidade do testemuño de Syra Alonso, e a emoción contida en moitos episodios, como o que se conta no capítulo XV do primeiro "diario", que regalamos como un segredo a quen o decida ler.

Ramón Blanco



A outra libraría de Añón

Ramón Blanco

Como ben saben as nosas queridas lectoras, a libraría é a tenda especializada na venda de libros, ao modo daquela *loja de livros estampas* lisboeta da que era propietario aquel primo do noso poeta. Pero tamén se lle chama libraría a un móbel con andeis para gardar libros, que podemos ter na casa e incluso constituír a nosa modesta e borgiana biblioteca persoal se os nosos libros collen nese móbel (un famoso *false friend* inglés dos nosos anos escolares era o edificio coñecido como *library*, que significaba "biblioteca" e non "libraría").

Un dos poemas de Añón serviu para acompañar un regalo a un amigo, como facían os poetas clásicos cando compuñan algún dos seus epigramas. Referímonos ao poema de circunstancias datado en Madrid en 1875, titulado "En el momento de regalarle a TEODOSIO VESTEIRO TORRES la Historia del Emperador Teodosio", que, salvando o título, escribiu en galego. Está por facer un bo estudo sobre a diglosia na poesía galega. Vemos que é un regalo orixinal e apropiado para o tocaio do famoso emperador romano. O escritor vigués Vesteiro Torres foi un dos grandes amigos do outense, e é un dos suicidas máis famosos da nosa literatura. Matouse ao ano seguinte, en plena mocidade, e volveu o vello Añón, a tres anos do seu propio óbito, escribirlle un poema, unha fermosa elexía galega que é do mellor da súa produción, e á que teremos que volver noutra ocasión con máis calma. Quedamos agora co poema de exaltación da amizade e da bibliofilia do que falamos primeiro, que é este:

En el momento de regalarle a
TEODOSIO VESTEIRO TORRES
la Historia del Emperador Teodosio.

N'a miña gran libraría,
Que conta volumes cinco,
Topey este, e dey un brinco
Cando n'el Teodosio lía.
¡Vede-l'o demo! decía,
¿Si será Vesteiro Torres?
Mais ja que por libros morres,
Si algo lambiscan de historia,
Garda esta probe memoria,
E d'a tua non me borres.

Madrid, 1875

Comprobamos que está presente e en boa forma a ironía do poeta xa desde os dous primeiros versos, xogando co sarcasmo, e coas esixencias métricas. Talvez cinco libros, se son bos, constitúan unha gran libraría. Parecería imperdoábel que alguén descoñecese un inventario bibliográfico tan exiguo até o punto de sorprenderse por un dos títulos cos que topase. Pero Teodosio Vesteiro desculparía a licenza poética, e que o regalo fose un libro usado, e, amante dos libros e da historia, gardaría unha memoria máis grande e rica ca todas as bibliotecas que atesoura o mundo.

Que saibamos, este poema é a única referencia directa a algún libro que pertencera a Añón. Mais non podemos asegurar que fose unha das súas lecturas, e nin sequera que fose del algunha vez, porque non ten que ser certa a peripecia que se conta no poema até chegar ás mans de Vesteiro Torres. Só podemos crer o que se conta: que Añón lle regalou a este a "Historia del Emperador Teodosio". No artigo anterior a este falabamos da suposta experiencia que tivo o poeta como libreiro, e vendo que seguimos a falar de libros, e quizais libros usados, seguiremos neste divagando brevemente sobre o que puido ser a formación libresca de Francisco Añón no contexto da cultura do libro na Galiza decimonónica.

Quizais fose Francisco Osorio León, cura párroco de San Pedro de Outes e padriño do poeta, o primeiro en ensinarlle a este nocións básicas de gramática, aritmética, doutrina

CARTAS
ERUDITAS, Y CURIOSAS,
En que, por la mayor parte, se continúa el designio
DEL THEATRO CRITICO
UNIVERSAL,
npugnando, ò reduciendo à dudosas, varias
opiniones comunes.
ESCRITAS
POR EL MUY ILUSTRE SEÑOR
. Fr. Benito Geronymo Feyjoó y Montenegro,
Maestro General del Orden de San Benito,
del Consejo de S. M. &c.
TOMO QUARTO.
NUEVA IMPRESION.
MADRID. M. DCC. LXXIV.
POR PEDRO MARIN.
Con las Licencias necesarias.
A costa de la Real Compañía de Impresores, y Libreros.

cristiá..., para logo encarreiralo a estudar no seminario. Non sabemos cal sería o contacto cos libros na infancia do poeta, pero é de esperar que, grazas a este cura, alomenos tivese acceso ao catecismo, á Biblia ou outros textos relixiosos.

Desde logo onde non faltarían os libros sería no Seminario Conciliar de Santiago, onde estudou tres cursos de filosofía e cinco de teoloxía. Xosefina López de Serantes indica que, segundo consta nos Arquivos Diocesanos, os estudantes que entraban no seminario tiñan que mercar "a Gramática de Carrillo e Nebrija, a Filosofía de Guevara e a Summa Teológica de Santo Tomás".

En 1837 comeza a estudar a carreira de Xurisprudencia na Universidade de Santiago, onde por imperativo académico tería que consultar os textos clásicos do Dereito. E entre tanto estudo e tanta biblioteca, habería momentos para outras lecturas máis ociosas. Talvez na orixe do seu gusto por epigramas e epitafios estea a lectura de poetas latinos como Marcial, que tamén será unha grande fonte e influencia para Quevedo. E o feito de que Añón empregue tan frecuentemente os versos alexandrinos e a "octavilla aguda", fan pensar na lectura fiel dos clásicos da poesía española.

Por eses anos tamén ten lugar a súa participación activa na incipiente prensa compostelana, xunto con outros mozos con inquietudes artísticas e culturais, ao amparo da "Academia Artística y Literaria de Santiago de Compostela", que de seguro foron contextos propicios para o achegamento aos máis diversos libros, cando non fosen as propias revistas as que alimentasen o seu intelecto: *El Idólatra de Galicia, El Iris del Bello Sexo, Revista de Galicia, El Recreo Compostelano, El Porvenir, La Aurora de Galicia, Santiago y a Ellos, La Situación de Galicia, La Armonía, El Avisador Santiagués, La Revolución,* etc.

E anos despois dos sucesos de 1846 e da súa estanza en Lisboa, coa xa mentada libraría de Diego Campos, escribirá dous poemas onde se refira ao patriarca das letras lusas, titulados "A Lisboa" e "En la inauguracion de la estatua Á Camóens" (escritos en 1857 e 1867, respectivamente), onde se adiviña o seu coñecemento da poesía de Camões, así como a admiración por ela: "Ay! esa estatua y pompa transitoria / Caerán en la noche del olvido; / Mas tu poema, Vate esclarecido, / Admiraran los siglos y la historia". E mesmo recorda ao gran vate no poema en portugués "A fonte dos amores", sobre a lenda de Inés de Castro.

Tamén parece lóxico pensar que o *Don Quixote* (obra tan influente na Galiza, como veu demostrar nos seus estudos Xoán Pastor Rodríguez Santamaría), fose outra das lecturas; e máis se temos en conta que noutro poema en portugués hai unha referencia a unha pasaxe deste libro universal: "Até que os dois caímos d'un pinote / O mesmo que Cardenio e Dom Quixote". E aínda podemos recordar, buscando referencias literarias universais, unhas décimas que tamén escribiu en portugués (en Sevilla, quizais en 1853, á volta da súa odisea por Francia e Italia) e nas que se di: "Deijémonos de niquices, / se eu nâo dera, fique mudo, / Sevilha, Giralda e tudo / pela cidade de ***Ulises***".

Sería extenso e arriscado nomear os autores galegos que Añón lería, pois habería que empezar polos seus contemporáneos e compañeiros de xuventude en Santiago: José María Posada, Antonio Neira Mosquera, Antolín Faraldo, Romero Ortiz, Alberto Camino...; os cen "vates gallegos contemporáneos" que publican con el no *Album de la Caridad* en 1862, entre os cales xa se encontran Eduardo Pondal e Rosalía de Castro (a piques de publicar os *Cantares Gallegos*, coa que mantivo relación amistosa a través de Murguía, a quen supoñemos que tamén tería ocasión de ler); os discípulos da tertulia "Galicia Literaria", entre os cales estarían Curros Enríquez, o propio Vesteiro Torres, ou a prima deste, Emilia Calé Torres de Quintero, entre outros; e habería que remontarse á figura de Feijoo, intelectual polo que o de Boel expresou en verso a súa devoción e débeda.

O que está claro é que, sendo moitos os autores galegos que poderían formar a sensibilidade literaria de Añón, poucas serían as canles de difusión da obra destes. Non esquezamos que nin sequera o noso poeta publicou libro en vida. Citabamos antes *Cantares Gallegos*, un dos libros galegos máis importantes da nosa historia literaria, e non podemos facernos unha idea do que debeu supoñer o seu impacto nun sistema literario xa de por si deficiente mesmo

en castelán. Desde logo xa debía ser raro o libro que non se publicase en folletín ou folletón nos periódicos e revistas, para canto máis un libro de poesía e aínda por riba nunha lingua "culturalmente inexistente" como era o galego. Que lectores podía ter Rosalía de Castro? Que libros, fóra dos relixiosos, podería vender Añón naquela hipotética libraría de vello na clerical Compostela decimonónica? (A lectora curiosa e incrédula pode consultar, por exemplo, *La imprenta en Galicia*, de Manuel Soto Freire, ou, a máis recente, *Historia de la imprenta en Galicia* de Odriozola Prieto e Barreiro Fernández, para facerse cargo da produción bibliográfica galega que podía estar dispoñíbel daquela). Carballo Calero, para dar unha idea do que se lía en Galiza nas décadas 30 e 40 do XIX, cita a Otero Pedrayo, quen se apoia nas noticias sobre os libros que se anunciaban en Ourense: "Es curioso recordar las novelas que por entonces se anunciaban, residuos de la filantropía del XVIII y malas adaptaciones románticas (...)".

Tamén Gonzalo Navaza advertiu a presenza da filantropía do XVIII na obra de Añón, e non debería estrañarnos que moitas das súas lecturas de mocidade fosen obras españolas neoclásicas, que serían o máis próximo culturalmente naqueles anos de formación intelectual. Lembremos simplemente a fábula "A leiteira", que nos remite inmediatamente a un Félix María Samaniego, sen esquecer que incluso "Las ranas pidiendo rey" é tradución do francés dunha de Jean de la Fontaine.

Tamén traduce a partir do francés uns capítulos da novela *Los dos amigos*, de Iván Tourgueniev, publicados en 1877 nun xornal madrileño, co cal constatamos que leu, se cadra xa no final da súa vida, a un dos grandes narradores rusos contemporáneos, do que tamén el foi contemporáneo case estrito.

En senllos poemas, cónstanos o seu afecto por dous poetas españois do seu tempo: Carlos Rubio y Collet (1832-1871) e Gabriel García Tassara (1817-1875). Ao primeiro méntao e "utilízao" xa morto como recomendación ante Manuel Ruiz Zorrilla, presidente do consello de ministros: para conseguir o favor do progresista Zorrilla remítese á memoria de Rubio, *"Porque era la antorcha, el faro / del partido progresista"*. Ao segundo dedícalle unha fermosa elexía en galego, que está á altura da que lle dedica a Vesteiro Torres (ambas as dúas escritas en 1875), e nela hai referencias a Macías e Afonso o Sabio. Pero, a pesar destas precoces referencias, o que non habería na libraría de Añón serían obras destes dous trobadores, e xa non digamos doutros dos que aínda nada se sabía, porque como recorda Carballo Calero, os autores do XIX "non coñecían a literatura meieval. Tanto máis meritorio é o seu esforzo. Empregaron a métrica propia do romantismo, e a fala tomárona direitamente do pobo". Isto mesmo podemos dicir *grosso modo* de Francisco Añón, aínda que se adiviña que era un home cunha considerábel cultura literaria, excepcional entre os precursores, tal como se desprende dunha lectura detida dos seus poemas, que falan como libros abertos e están fartos de estar cubertos de po nos andeis do esquezo.

Novos Artistas

María Ana Romero Romero

Naceu en 1994. É natural de Mosteiro (S. Ourente) e estuda 2º de ESO no IES Francisco Añón.

Título:
Entre outros traballos, o millo.
Autora:
Marián Romero.